

The background of the slide is a photograph of a Baroque church interior. It features a prominent spiral staircase on the right side, with ornate metal railings. The walls and ceiling are covered in intricate frescoes and paintings, depicting various religious and mythological scenes. The architecture is highly detailed, with classical columns and arches. The lighting is warm, highlighting the textures of the stone and the colors of the artwork.

9. A arte da Idade Moderna: Renascimento e Barroco

Para comezar

- A arte da Idade Moderna fundaméntase na clásica. Que é a arte clásica? Lembras os seus trazos principais?
- Coñeces obras ou artistas da Idade Moderna?
- Poderías citar mulleres artistas? Pensa agora en homes artistas, por que si se che ocorren nomes de varóns?
- Quen financiaba as obras artísticas? Para que servían?
- Adoítamos pensar nos artistas e nas artistas coma se fosen xenios. Cres que verdadeiramente o son? Pensas que tiñan esa consideración na Idade Moderna?
- No 2017 *O Salvador do mundo*, unha peza atribuída a Leonardo da Vinci pintada contra o ano 1490, converteuse na obra de arte máis cara da historia. Pagáronse máis de 400 millóns de euros por ela. Paréceche lóxico este valor? A que se debe que as obras de arte da Idade Moderna se conten entre as máis caras nas poxas?

O peso da arte no imaxinario colectivo

Millóns de persoas viaxan todos os anos a Italia para ver *in situ* os principais monumentos da arte do Renacemento e do Barroco. O *David* de Miguel Anxo, *A última cea* de Leonardo da Vinci, San Pedro do Vaticano, a Fontana de Trevi ou a Florencia dos

Médici ilustran as publicidades das axencias de viaxes.

Ao longo dos séculos XV, XVI e XVII, a arte renacentista e barroca fixou desde Italia as regras de beleza ás que aínda responde a nosa sensibilidade artística. Esas regras estendéronse por toda Europa, conformando as nosas cidades e a nosa cultura visual segundo a idea da mímese, é dicir, a imitación da realidade.

O noso proxecto




O noso proxecto

Unha vez que rematastes a redacción dos artigos do proxecto, debemos realizar a maquetación e edición definitiva da revista.

Para a maquetación da revista sería útil fixarse en exemplos reais de revistas e tratar de imitar os procedementos que estas empregan para ordenar, resaltar e dar un estilo homoxéneo aos distintos apartados, textos e imaxes que compoñen unha revista.

En calquera caso seguiremos, como mínimo, estes pasos:



Ultimada no editor a maquetación da revista dixital, esta débese converter a un formato adecuado para unha publicación. Os formatos máis habituais e simples son o pdf e o epub. Estes formatos permitirán que a revista se lea en case calquera soporte dixital (móbil, tableta, computador, libro electrónico...).

Despois de facer a conversión débese comprobar que a revista mantén a organización que se deseñou no editor. Se non hai alteracións, a revista está lista para distribuírse en case calquera plataforma de publicacións electrónicas. Ao principio do proxecto falamos da [plataforma Issuu](#), pero existen moitas outras plataformas de distribución de revistas e libros dixitais.

Investiga e comparte a túa obra!

Podes avaliar o teu traballo e o dos compañeiros e as compañeiras con esta rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

A arte na Idade Moderna

A arte da Idade Moderna está ocupada fundamentalmente por catro estilos artísticos: o Renacemento, o Barroco, o rococó e o Neoclasicismo. Os dous últimos desenvólvense a finais da Idade Moderna, ao longo do século XVIII.

Neste curso estudaremos unicamente os dous primeiros estilos:

- O Renacemento iníciase xa a finais da Idade Media e ocupa case por completo os séculos XV e XVI.
- O Barroco, pola súa parte, comeza a finais do século XVI, desenvólvese ao longo do XVII e aínda continúa en vigor a mediados do XVIII.

A descuberta da arte clásica

A arte da Idade Moderna inspirouse nos principios da arte clásica. A arquitectura clásica coñecía-se a través dos restos dos edificios que abundaban no que fora o Imperio romano e, sobre todo, na súa capital, Roma. Estes restos serviron para recuperar as ordes e as técnicas construtivas antigas.

Fíxate nas seguintes obras de arte romana:



Coliseo (70-80 d.C.).



Arco de Tito (81 d.C.).



Detalle da Columna de Traxano (ca. 110).



Xesús como o Bo Pastor, Mausoleo de Gala Placidia, en Ravenna (ca. 430).

No que toca ás artes plásticas (pintura e escultura), non se coñecían restos de pintura antiga. A inspiración veu da escultura clásica. A partir dela desenvolvéronse as técnicas da **arte mimética**. O obxectivo deste tipo de arte é a imitación da realidade.



Sabías que...?

O 14 de xaneiro de 1506 atopouse nunhas escavacións o grupo escultórico *Laocoonte e os seus fillos*. O grupo representa unha pasaxe da *Ilíada*: Apolo envía unha serpe para matar a Laocoonte, un sacerdote que incitara os troianos a desconfiar do cabalo que os gregos lles regalaran.

O achado provocou unha gran expectación en Roma. A estatua foi adquirida polo papa Xulio II. As cortes europeas pediron autorización para realizaren copias da estatuta, encargadas a prestixiosos artistas. A estatua tomouse no Renacemento polo exemplo senlleiro da escultura grega do período clásico. Séculos despois descubriríase que non era tal, posto que se trata dun deseño que non é anterior ao século III a.C.

Créditos: [Jean-Pol Grandmont](#)



Ao faltar numerosas partes da estatua, como o brazo dereito do pai, pediuse a varios artistas que formulasen propostas para a súa reconstrución. Miguel Anxo, que a estudou con detalle, propuxo que se reconstruíse flexionado. No século XX unha nova escavación atoparía o brazo, na posición indicada por Miguel Anxo. En calquera caso, figuras coa expresión do rostro e a posición do Laocoonte repítense na arte occidental até mediados do XIX.

Aínda que durante o medievo foran coñecidos e tomados como modelo numerosos exemplos de arte clásica, a arte da Idade Moderna centrouse na súa recuperación sistemática. A arte medieval foi abertamente desprezada, acusada de ter malinterpretado os principios clásicos.

Os principios establecidos pola arte da Idade Moderna manteranse en vigor na arte occidental durante máis de trescentos anos, até que comezaron a ser discutidos a mediados do XIX.

Os comitentes da arte moderna

No medievo a arte estivera fundamentalmente ao servizo da relixión católica. Os edificios máis suntuosos das cidades adoitaban ser as grandes igrexas e catedrais. Os encargos de pintura e escultura procedían da Igrexa e representaban escenas vinculadas á doutrina cristiá.

Axiña as monarquías absolutas, que comezaban a se afirmar nesta época, percibiron que a arte era un medio ideal para asociar a imaxe real a conceptos como a maxestade ou o poder.

Os concellos, a nobreza ou a burguesía tamén financiarán numerosas obras. Ao longo do século XVII os comitentes laicos, en especial as monarquías absolutas, acabarán por desprazar á Igrexa na promoción da arte.

Por esta razón veremos en arquitectura numerosos exemplos de palacios que serven de residencia á monarquía ou á nobreza. En plástica aparecerán temas como a mitoloxía, a paisaxe e o retrato.

A categoría social dos artistas

A utilización da arte como elemento político contribuíu a mellorar a posición social do artista. Con todo, a arte seguiu a ser considerada un oficio, posto que se realizaba coas mans. Como actividade profesional, por tanto, era desempeñada por persoas de baixo estrato social.

Moitos artistas integráronse nos círculos de intelectuais que rodeaban os principais mecenas. O prezo que se pagaba polo seu traballo ascendeu, de maneira que os mellores artistas vivían con moitas comodidades. Moitas monarquías crearon o cargo de pintor ou escultor de corte, é dicir, artistas que vivían a soldo do rei realizando

obras artísticas ao seu encargo, entre as que abundaban os retratos.



Díptico dos duques de Urbino (1472), de Piero della Francesca.



Tumba do papa Xulio II (1505-1545), de Miguel Anxo. O papa aparece deitado no piso superior.

Créditos: [Carlos Reusser](#)



Isabel de Portugal (ca. 1550), de Leone Leoni.



Compromiso de Gillerme de Orange e María Estuardo (1641), de Anton van Dyck.

Para poderen completar os encargos, era frecuente que formasen obradoiros, onde contaban con artistas novos, que aprendían as técnicas do oficio, e outras persoas máis experimentadas. Executaban as partes menos relevantes das obras baixo supervisión ou realizaban copias de obras propias e doutros artistas, que tamén se vendían a un prezo menor. A miúdo, estas persoas aprendices servían tamén como modelos.

Non era infrecuente que as mulleres acomodadas se dedicasen á arte como pasatempo, en especial á pintura. Porén, era difícil que puidesen facer da pintura unha profesión. Raramente serían [admitidas a traballar nun obradoiro](#) e mesmo terían problemas para recibiren, nas súas casas, clases de debuxo. Por tanto, tiñan poucas oportunidades de mellorar a súa técnica, prosperar profesionalmente e recibiren encargos. Aínda así, figuras como [Artemisia Gentileschi](#) ou [Elisabetta Sirani](#) destacaron na época pola súa calidade artística, pese a non ser tan coñecidas como os seus coetáneos varóns nos nosos días.



Autorretratos de Artemisia Gentileschi (á esquerda) e Elisabetta Sirani (á dereita).

Actividades

1. Sinala cales das seguintes afirmacións son correctas:

- ☐ O Renacemento é un estilo artístico propio dos séculos XV e XVI.
- ☐ O Barroco é un estilo artístico que comeza a finais do século XVI.
- ☐ O Barroco continuaba en vigor aínda a mediados do século XVIII.
- ☐ A arte da Idade Moderna é, sobre todo, de temática relixiosa.
- ☐ A arte da Idade Moderna non trataba o tema do retrato.

☐ Durante a Idade Moderna foi habitual o descubrimento e restauración de obras de arte clásica.

2. Os seguintes enunciados, son verdadeiros ou falsos?

O papado e as monarquías absolutas foron os maiores comitentes de arte durante a Idade Moderna.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Un comitente é unha persoa que promove e financia a realización dunha obra artística.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os mecenas pagaban aos artistas para que estivesen ao seu servizo de maneira permanente.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Aínda os mellores artistas vivían en condicións bastante precarias.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A maior parte dos artistas procedían de familias da nobreza.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Entre os mecenas máis xenerosos, podemos destacar os membros da nobreza, incluídos os papas e as monarquías.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-



No Renacemento e no Barroco os artistas tiñan unha alta consideración social.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Os artistas formaban obradoiros, como calquera outro artesán.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

- 3. Investiga.** A columna é un elemento importantísimo da arquitectura clásica, co que tamén traballa arreo a arquitectura da Idade Moderna. Poderías relacionar cada imaxe [coa orde arquitectónica](#) á que pertence? Poderías tamén denominar cada unha das súas partes, así como os elementos do edificio que se apoian sobre a columna?



4. Seguro que lestras a obra clásica do Partenón de Atenas. Coloca os seus principais elementos:



- | | | | |
|----|----------------------|----|----------------------|
| 1. | <input type="text"/> | 2. | <input type="text"/> |
| 3. | <input type="text"/> | 4. | <input type="text"/> |
| 5. | <input type="text"/> | 6. | <input type="text"/> |
| 7. | <input type="text"/> | 8. | <input type="text"/> |

cornixa

estilóbato

friso

arquitraze

crepidoma

columna dórica

frontón

columnata

- 5.** O Panteón de Agripa de Roma é outra obra da arquitectura clássica. Coloca os seus principais elementos:



1.
2.
3.
4.
5.

lucernario

casetón

pilastra

cúpula

columna composta

6. Os relevos clásicos serán moi admirados durante o Renacemento e o Barroco. Estes relevos do século II pertencen ao [Arco de Constantino](#) de Roma. Neles a lexión romana carga contra soldados bárbaros. Cales das seguintes características artísticas poderías atribuír á peza?

- ☐ Realismo
- ☐ Sensación de profundidade
- ☐ Esquematismo
- ☐ Expresividade
- ☐ Serenidade

7. **Traballa en parella.** Ollade as seguintes tres obras. Á parte da intención estética, que ideas queren transmitir as persoas ou institucións que encargaron estas obras? Para axudarvos, a imaxe está acompañada dunha pequena descrición.

Bartolomeo Colleoni

***Bartolomeo Colleoni* (1488), por Andrea del Verrocchio.**

Colleoni fora un *condottiero* (xeneral) do exército da República de Venecia que deixou escrito o encargo de que esta estatua se fixera despois da súa morte.



Filipe II

Filipe II (1565), de Sofonisba Anguissola.

Anguissola exerceu como pintora da corte de Filipe II, a quem lle realizou este retrato.



Cristo morto

***Cristo morto* (1634), por Gregorio Fernández.**

Descolgado da cruz, o corpo de Cristo é depositado na sepultura.



A arte renacentista en Italia

A arte renacentista xorde en Italia a inicios do século XV. Nesa altura Italia estaba dividida nunha multitude de pequenos estados que usaban a arte como elemento de propaganda política. Estes estados competían entre si para recrutaren os artistas máis competentes.

Aínda que Milán, Venecia, Nápoles, Ferrara ou Urbino eran importantes centros artísticos, dúas cidades destacaban pola cantidade e calidade de artistas: Florencia e Roma. Considérase que a arte renacentista nace en Florencia a principios do século XV. Coinciden nese momento tres obras que representan o novo estilo. Fíxate nas obras inaugurais da arte renacentista:

Catedral de Florencia

A cúpula de Brunelleschi para cubrir o cruceiro da catedral de Florencia, edificada en estilo gótico ao longo do século anterior. A cúpula, que pretendía rivalizar coa que se realizara no século II no Panteón de Roma, rompía coas cubertas habituais na arquitectura románica e gótica.



Cúpula da catedral de Florencia (1420-36), de Filippo Brunelleschi.

Capela Brancacci

Os frescos da capela Brancacci de Masaccio. As pinturas murais da capela, que retrataban distintos momentos da vida de Cristo, supoñía un gran avance na representación da perspectiva e na corporeidade das figuras.



Frescos da capela Brancacci (1426-28), de Masacio.

Porta do Paraíso

A Porta do Paraíso de Ghiberti. Estes relevos, labrados nas portas de bronce do baptisterio románico da cidade, trasladaron á escultura os avances na representación do espazo e da monumentalidade dos corpos que Masaccio levará á pintura.



Detalle da Porta do Paraíso (1425-1452), de Lorenzo Ghiberti, que representa a historia de Isaac, Esaú e Xacob.

A arquitectura renacentista

Despois da construción da cúpula de Brunelleschi, a arquitectura renacentista continuou a adaptación dos modelos clásicos aos templos cristiáns. En Santo Andrés de Mantua, basílica construída durante a segunda metade do século XV, sintetizáronse as características do estilo. A fachada preséntase como un arco de triunfo coroadado por un frontón triangular. No interior a nave central cúbrese cunha bóveda de canón decorada con casetóns e o cruceiro cunha cúpula semicircular sobre trompas.

A arquitectura renacentista busca a simetría e o equilibrio, que se manifesta no predominio das liñas rectas e horizontais. A principios do XVI, Donato Bramante atreveuse a adaptar a estrutura dos templos clásicos a unha igrexa católica. O templo

San Pedro en Montorio ten unha planta circular e unha galería de columnas rematadas por un friso.

San Pedro do Vaticano pretendeu ser a culminación de todos estes esforzos. A basílica papal comezou a construírse en 1506, pero non se remataría até pasado un século. O proxecto de Miguel Anxo, que morreu sen poder rematalo, pretendía unha planta de cruz grega cuberta dunha maxestosa cúpula.

Fíxate nos seguintes exemplos de arquitectura renacentista italiana:

Créditos: [Tango7174](#)



Santo Andrés de Mantua (segunda metade do XV), de Leon Battista Alberti.

Créditos: [Gobbler](#)



San Pietro in Montorio (ca. 1510), por Donato Bramante.



Cúpula de San Pedro do Vaticano (1656-67), de Miguel Anxo.



Palacio Medici Riccardi (1444-84), por Michelozzo di Bartolomeo.



Villa Rotonda (1566-1605), de Andrea Palladio.

Fóra da arquitectura religiosa, o Renascimento italiano destacou polos seus palacios. O

palacio Medici Riccardi compón a fachada exterior mediante liñas rectas que marcan os pisos e o ritmo das ventás. No interior estruturase arredor dun patio cadrado, delimitado por columnas sobre as que se sosteñen arcos de medio punto. Os palacios florentinos do século XV sentan o modelo para os que se construírían en Roma, como o [Palacio Farnese](#).

Tamén se construían palacios no campo. As vilas de recreo da nobreza italiana adoitaban situarse en áreas próximas ás grandes cidades. A nobreza florentina foi das primeiras en financiar estas obras, como a vila de Poggio a Caiano, construída a mediados do XV. Andrea Palladio inspirouse nesta obra para deseñar, ao longo do século seguinte, unha longa serie de vilas para a nobreza veneciana. De todas elas, a máis coñecida é a Vila Rotonda.

A plástica renacentista

A preocupación pola representación fiel da realidade que obsesiona á plástica renacentista comezara xa a finais do século XIII. Abundantes artistas de finais da Idade Media afondaran nas técnicas do sombreado e superposición dos obxectos no espazo que atribuímos á plástica renacentista.

Bota unha ollada a estes exemplos da escultura renacentista italiana:



San Xurxo (1416), por Donatello.



A dúbida de Santo Tomás (1483), de Andrea del Verrocchio.



Moisés (ca. 1515), por Miguel Anxo.



Perseo (ca. 1550), de Benvenuto Cellini.



O rapto das sabinas (ca. 1575), por Giovanni di Bologna.

Con todo, estes artistas non deran cunha técnica adecuada para a representación da perspectiva, en especial dos interiores. Na capela Brancacci, Masaccio sentou a forma en que se debía usar un punto de fuga para colocar os obxectos no espazo.

Coa idea de perfeccionar o uso da perspectiva e conseguir figuras de gran corporeidade, estudouse a fondo a representación da anatomía humana. Na procura do realismo houbo artistas que se basearon no debuxo para definir as contornas das figuras, como [Sandro Botticelli](#), [Rafael](#) ou Miguel Anxo.

Houbo quen, sen prescindir do debuxo, prestou máis atención a outros aspectos. Destacan en canto á gradación da cor as paisaxes de [Leonardo da Vinci](#), que usan o procedemento do *sfumato*. Con esta técnica gradúanse e superpóñense as cores até difuminar as contornas das figuras. Desta maneira lógrase unha gran sensación de profundidade. Por outra banda, [Sofonisba Anguissola](#) sobresaíu pola súa calidade e a súa búsqueda de poses que saían dos convencionalismos da época, máis informais. Deste xeito tentaba reinventar o retrato, ao non poder estudar anatomía ou debuxar ao natural polo feito de ser muller.


Podes ver a continuación algunhas obras clave da pintura renacentista italiana:



A Resurrección (ca. 1465), de Piero della Francesca.



O testamento e a morte de Moisés (1482), por Luca Signorelli.



O nascimento de Venus (1485), de Sandro Botticelli.



A Virxe co Neno e Santa Ana (ca. 1503), por Leonardo da Vinci.



Frescos da Capela Sistina (1508-1514), de Miguel Anxo.



O incendio do Borgo (1514), por Rafael Sanzio.



A cea en Emaús (1525), de Jacopo Pontormo.

A plástica renacentista céntrase en tres temas: a relixión, a mitoloxía e o retrato. Nos tres predomina a idealización das figuras. Búscanse composicións serenais, con escaso movemento. Para traducir esta sensación recorreuse á composición xeométrica: case sempre as figuras poden encerrarse en formas xeométricas puras, como triángulos, cadrados ou círculos. Polo xeral, as figuras mostran unha expresividade contida.

Miguel Anxo rompeu con esta tendencia, imprimindo enerxía e tensión ás súas figuras. A partir do seu traballo, comezase a introducir cada vez máis movemento na plástica renacentista. Obras como a *Piedade Rondanini* ou os frescos da Capela Sistina teñen unha forte carga expresiva, que se expresa tanto no rostro das figuras como na tensión da musculatura. Tamén destacou o traballo de Properzia de' Rossi, escultora florentina que xa despuntou na súa época (o arquitecto Giorgio Vasari incluíuna na súa recompilación de excelentes pintores, escultores e arquitectos en 1550). As súas achegas máis sorprendentes foron pezas onde traballaba o desnudo feminino desde a visión mitolóxica.

Debemos sinalar, por último, a revolución que sufriu a pintura coa introdución do óleo. Nun principio, o Renacemento continuou traballou con pintura á témpera, aplicada sobre táboa ou, no caso dos frescos, sobre os muros enlucidos de cal. Con todo, a partir de mediados do século XV fóronse introducindo as pinturas ao óleo, que permitirán obras de maior tamaño, unha gama de cores máis variada e luminosa e tamén maiores posibilidades para emendar os erros na composición.

Actividades

1. Di se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos:

A arquitectura renacentista destaca polas súas igrexas e palacios urbanos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os palacios urbanos estaban destinados a persoas da nobreza, mais tamén a destacados membros do clero e da burguesía.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A arquitectura renacentista recuperou elementos da arte clásica, como as cúpulas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Outro dos elementos recuperados foron as ordes clásicas, que definen os elementos dunha columna.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Esas ordes clásicas eran esencialmente tres: dórico, iónico e corintio.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

San Pedro do Vaticano é un deseño de Miguel Anxo.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

San Pedro do Vaticano comezou a construírse no século XV.

- ☐ Verdadeiro

☐ Falso

A plástica renacentista tardou moito tempo en dar cunha técnica satisfactoria para a representación da perspectiva.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

Polo xeral, na pintura do Renacemento prescindíuse do uso do debuxo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

No Renacemento as figuras preséntanse idealizadas, é dicir, imitan a realidade pero ocultan os seus aspectos máis desagradábeis.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A plástica renacentista prefere o dramatismo, é dicir, esaxerar as emocións dos personaxes.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A plástica renacentista é sempre figurativa, isto é, presenta obxectos

facilmente recoñecíbeis.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Leonardo da Vinci interesouse por representar con veracidade os efectos da distancia sobre a nosa visión dos obxectos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

As figuras da plástica renacentista case sempre seguen patróns xeométricos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Miguel Anxo interesouse moito pola representación do corpo humano.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

3. Indica cal das seguintes opcións sobre pintura é correcta:

- ☐ Na pintura renacentista úsase unha gama de cores moi reducida.
- ☐ Na pintura do Renacemento desenvolvéronse novas técnicas como a pintura ao óleo.

- ☐ A pintura ao óleo só se podía empregar sobre tea.
- ☐ A pintura ao fresco é outras das novidades que achega a arte renacentista.

4. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas [que teñen que ver coa mitoloxía clásica](#). Repasa os teus coñecementos e contesta:

As divindades olímpicas...

- ☐ ... son as doce divindades máis relevantes da mitoloxía exipcia.
- ☐ ... son as doce divindades que viven no Olimpo, as máis relevantes da mitoloxía clásica.
- ☐ ... son os doce deuses que fan deporte.

5. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas [que teñen que ver coa mitoloxía clásica](#). Repasa os teus coñecementos e contesta:

As divindades olímpicas...

- ☐ ... son as mesmas en Grecia e Roma, pero con diferente nome.
- ☐ ... son os mesmos en Exipto, Grecia e Roma, pero con diferente nome.
- ☐ ... só forman parte da mitoloxía grega.

6. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas [que teñen que ver coa mitoloxía clásica](#). Repasa os teus coñecementos e contesta:

A máis importante das divindades olímpicas é...

- ☐ ... Zeus, que en Roma ten o nome de Xúpiter.
- ☐ ... Afrodita, que en Roma ten o nome de Venus.

☐ ... Hades, que en Roma ten o nome de Plutón.

7. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas **que teñen que ver coa mitoloxía clásica**. Repasa os teus coñecementos e contesta:

Polo xeral, Zeus represéntase...

☐ ... como un home novo, espido e lánguido.

☐ ... como un home adulto, con longa barba e un raio nunha man.

☐ ... como un adolescente que vai acompañado dun león.

8. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas **que teñen que ver coa mitoloxía clásica**. Repasa os teus coñecementos e contesta:

Polo xeral, Afrodita represéntase...

☐ ... como unha muller nova, espida e moi fermosa.

☐ ... como unha muller nova á que lle gusta a caza.

☐ ... como unha muller nova á que lle gusta participar na guerra.

9. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas **que teñen que ver coa mitoloxía clásica**. Repasa os teus coñecementos e contesta:

Segundo a mitoloxía a deusa da estratexia na guerra é...

☐ Non é unha deusa, senón un deus, Ares (Marte en Roma).

☐ ... Atenea, Minerva en Roma.

☐ ... Zeus.

10. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas **que teñen que ver coa mitoloxía clásica**. Repasa os teus coñecementos e contesta:

Segundo a mitoloxía, as divindades olímpicas...

- ☐ ... non se relacionan cos seres humanos.
- ☐ ... non existiron ao mesmo tempo que os seres humanos.
- ☐ ... interveñen nos asuntos humanos e mesmo poden ter descendencia coa xente mortal.

11. Na arte renacentista e barroca represéntanse a miúdo escenas **que teñen que ver coa mitoloxía clásica**. Repasa os teus coñecementos e contesta:

Na Antigüidade a mitoloxía servía...

- ☐ Non servía para nada
- ☐ ... para manter entretidos os nenos e as nenas.
- ☐ ... para explicar os fenómenos da natureza.

12. Destas tres obras, só unha é renacentista. Emprega as características do estilo renacentista para razóns de cal se trata.



Frescos de San Cremenzo de Taüll.



A chamada dos apóstolos, de Domenico Ghirlandaio.



A conversión de San Paulo no camiño de Damasco, de Caravaggio.

13. Fíxate nestas imaxes: ambas son a *Adoración dos Reis Magos*, obras de Giotto e Masaccio, uns cento vinte anos despois, sobre o 1425. A comparanza entre ambas obras axudarate a entender os principais avances da pintura do Renacemento.



A adoración dos Reis Magos, de Giotto.



A adoración dos Reis Magos, de Masaccio.

- a. Describe a actitude e a disposición dos personaxes en cada un dos cadros. Pareceche que Masaccio podía coñecer a pintura de Giotto?
- b. En cal das dúas pinturas está máis conseguida a expresividade das figuras? Por que?
- c. Que animais se retratan en cada unha das pinturas? En cal das dúas dirías que os animais pintados son máis fieis á realidade?
- d. Claramente, a perspectiva que emprega Masaccio é máis correcta que a de Giotto. Que elementos parecen mal colocados na pintura de Giotto que Masaccio resolve adecuadamente?
- e. Porén, a pintura de Masaccio tamén ten erros de perspectiva, en especial na disposición dos animais. Saberías sinalar algún?
- f. Por outra parte, ambos empregan os mesmos procedementos para a disposición dos elementos do cadro. Cales son?

A arte barroca italiana

O Barroco nace na Roma da Contrarreforma. A Igrexa católica buscaba unha linguaxe que lle permitise trasladar con rotundidade os seus dogmas, en especial aqueles que foran rexeitados polo protestantismo, como a Graza de Deus, a mediación dos santos ou a autoridade do Papa e da xerarquía eclesiástica.

Nesta liña pódense destacar tres obras fundacionais creadas en Roma para distintas congregacións da Igrexa católica:

Igrexa do Gesù

A igrexa do Gesù (Roma, 1568-80), de Jacopo Vignola, recupera a planta de cruz latina. Foi a primeira igrexa xesuíta de Roma. Resáltase así a importancia do sacerdote e do rito da eucaristía, que ten no altar o seu escenario. Nas naves laterais colócanse capelas independentes, que permiten a realización de varios oficios relixiosos ao mesmo tempo.



A vocación de San Mateo

A vocación de San Mateo (1599-1600), de Caravaggio, usa fortes contrastes de luz para dirixir a nosa atención a Xesús e Mateo, os protagonistas da escena. Ademais, esta trátase con naturalismo, como se a escena fose un cadro de xénero.



O martirio de Santa Cecilia

O martirio de Santa Cecilia, de Maderno, somete o corpo a unha violentísima torsión. O escultor preocúpase polo naturalismo dos panos e a marca da decapitación no pescozo. Ocultándonos o rostro da santa, intensifica a nosa sorpresa, incítanos a movernos arredor do corpo para completar a escena.



A arquitectura barroca

As igrexas do Barroco baseáronse na planta lonxitudinal, é dicir, aquela que resalta a relevancia da cabeceira e do altar no conxunto do templo. Sobre o modelo de Vignola, o Barroco interesouse por crear unha arquitectura con moito movemento e efectos de sorpresa. Para isto despregou numerosas liñas curvas e unha decoración recargada.

Con todo, non se abandonaron completamente as plantas centralizadas. En ocasións experimentouse con plantas ovaladas ou elípticas. Este tipo de plantas incidían na inestabilidade e no movemento como factores fundamentais da arquitectura.



Sant'Andrea della Valle (1622-65), de Carlo Maderno.



San Carlos das catro fontes (1634-44), por Francesco Borromini.



Igrexa de San Ignacio (iniciada en 1625), de Orazio Grassi.



A fonte dos catro ríos (1648-51), por Gian Lorenzo Bernini.



Tamén de Gian Lorenzo Bernini é a praza de San Pedro do Vaticano (1656-67).

Como tamén veremos na plástica, o Barroco interesouse por unha arquitectura con fortes efectos de luz e sombra. Estes efectos intensifican a sensación de tensión e inestabilidade dos edificios. Os elementos clásicos como as columnas, os piares ou os arquivoltas cúrvanse ou interrómpanse con grandes ocios para lograr este efecto.

Durante o Barroco tamén se crearon palacios para o lucimento das grandes figuras da Igrexa e da nobreza, como o Palacio Barberini. Con todo, a arquitectura civil do Barroco ten a súa mellor expresión no urbanismo. O Barroco pensou a cidade como un escenario teatral onde despregar a magnificencia das persoas poderosas, como o Papa ou a monarquía absoluta.

Foi Roma a primeira cidade de Europa onde se experimentaron as técnicas urbanísticas barrocas. Barrios enteiros foron derrubados para crear grandes avenidas de amplas perspectivas que remataban en prazas espectaculares.

Destas prazas, destaca a que [Bernini deseñou para o Vaticano](#). A praza ofrece un recinto monumental para congregar a xente na presenza do Papa e admirar a grandeza da basílica vaticana. A columnata que delimita a praza ofrécese como un lugar de refuxio á multitude. Estas prazas decorábanse con obeliscos traídos expresamente de Exipto ou [con fontes rematadas con estatuas](#) que ofrecen un punto de descanso aos paseantes.



Sabías que...?

A considerada primeira arquitecta da historia, [Plautilla Bricci](#), non se conformou con exercer nun mundo de homes, senón que o fixo de xeito atrevido. Levou a cabo dúas obras en Roma: a Vila Benedetti e a capela de San Luís. A primeira delas, que ardeu no asedio francés de 1849, mesturou o urbano co campestre ao utilizar unha gruta para dar aspecto natural ao edificio. O éxito da primeira construción conlevou o encargo da segunda.

As diferenzas entre a arquitectura renacentista e a barroca

Con douscentos anos de diferenza, Brunelleschi e Maderno deseñaron dúas igrexas de tres naves e estrutura lonxitudinal.

San Lorenzo (Florencia, 1418-1461), de Brunelleschi

Créditos: [Stefan Bauer](#)



1. A decoración da igrexa é escasa, case sempre xeométrica.
2. As tres naves da igrexa sepáranse con columnas xónicas e arcos de medio punto, como as basílicas clásicas.
3. Utilízanse sobre todo liñas rectas, de maneira que predomina a sensación de estabilidade.
4. O teito é plano e non alcanza excesiva altura. Como decoración, recibe uns casetóns.
5. Procúrase unha boa iluminación, distribuída de maneira equilibrada por todo o espazo da igrexa.

Sant'Andrea della Valle (Roma, 1608-50),



1. A nave central ofrece un espazo amplo e suntuoso, que nos impele a achegarnos á ábsida para participar da eucaristía.
2. Enormes piares compostos soportan arcos de medio punto que dan acceso ás capelas laterais.
3. Crébanse as liñas rectas e mútiplícanse os pregos, para crear efectos de movemento e contrastes de luz e sombra.
4. A bóveda de canón, como a cúpula, decórase con pinturas que representan a vida de María.
5. A cúpula inunda de luz a parte central da igrexa, para sinalar o altar como a parte máis relevante.

A plástica barroca

A *vocación de San Mateo* de Caravaggio sorprendeu polo uso do **clarescuro**. Este recurso pictórico consiste en deixar en sombra certas partes do cadro para dirixir toda a forza da luz sobre outras partes concretas. Conséguese así un gran dramatismo e concéntrase a ollada do espectador ou espectadora sobre os puntos máis relevantes da pintura.

O clarescuro usarase de maneira repetida na pintura barroca. Será habitual compoñer as obras contraponendo as zonas moi iluminadas con outras en sombra, case negras. Nese caso, falaremos de **estilo tenebrista**.

Alén deste recurso, a plástica barroca usa outras moitas técnicas compositivas que causan efectos de tensión e movemento. Serán habituais as asociacións ou contrastes de cor ou as composicións guiadas por liñas diagonais que se cruzan no centro do cadro. Noutras ocasións, en lugar de dispoñer as figuras á altura de quen observa a obra, recórrese a violentas perspectivas de picado ou contrapicado.

A plástica barroca ocúpase dos mesmos temas que a renacentista: a relixión, a mitoloxía, o retrato e a paisaxe. Este último tema aparece no Barroco de maneira independente, sen supeditarse a ningún dos outros tres.

Destacamos algunhas obras da pintura barroca italiana na seguinte galería:



Retrato de señora cun can no colo (1595), de Lavinia Fontana.



Judit decapitando a Holofernes (ca. 1620), por Artemisia Gentileschi.



Porto co embarque da rainha de Saba (1648), de Claude



O martirio de Santo Erasmo (1630), por Nicolas Poussin.



A apoteose de Santo Ignacio, de Andrea Pozzo. Frescos na igreja de Santo Ignacio de Roma (1685).

Fixe-se agora nestes exemplos de escultura barroca italiana:

Créditos: [Architas](#)



Apolo e Dafne (1623), de Gian Lorenzo Bernini.



Santa Susana (ca. 1630), por Francesco Mochi.

Créditos: [Karmakolle](#)



O cardenal Guido Bentivoglio (ca. 1638), de François Duquesnoy.



Tumba do papa León XI (1640-44), por Alessandro Algardi.



Fonte de Trevi, Roma (1732-62), de Niccolò Salvi.

Aínda que compartan temáticas, estas trátanse de xeito moi diferente ao Renacemento. O Barroco insiste na teatralidade, é dicir, esaxera a expresión dos personaxes e recrea nos sentimentos de dor, angustia ou medo. Por iso no retrato préstase moita atención á psicoloxía da persoa retratada. Nos cadros relixiosos búscase resaltar a piedade ou o misticismo dos personaxes.

Non será raro que o Barroco expoña aspectos desagradábeis da realidade. Faise un recurso explícito á violencia, aos defectos físicos, á pobreza e á sucidade, temas que no Renacemento foran ocultados. Con todo, estes aspectos desagradábeis non se traen á plástica desde un punto de vista crítico coa sociedade, senón que buscan unicamente desatar as emocións do público.

Insístese moito na representación coidadosa das teas e da anatomía, buscando unha plástica naturalista. Nas escenas mitolóxicas e relixiosas as figuras xa non son sempre idealizadas. Por veces, mesmo se presentan con defectos físicos. Decote visten roupas de época e sitúanse en lugares (tendas, rúas, adegas...) que frecuentaría a xente do século XVII.


Se na escultura o mármore seguiu sendo a pedra máis cobizada, a pintura ao óleo sobre tea converteuse no medio máis habitual para esta disciplina. Con todo, seguiuse usando a pintura sobre o muro. En especial, desenvolveuse a técnica da *quadratura*, que buscaba simular sobre superficies planas efectos de profundidade ou arquitecturas inexistentes.

As diferenzas entre a plástica renacentista e a barroca

A historia de David e Goliat é unha pasaxe da Biblia. David, un adolescente xudeu, reta o xigante Goliat a un combate. Dunha pedrada mata a Goliat e vence o combate. Vexamos os dous seguintes exemplos do *David*:


David (1410), de Donatello

Créditos: [Patrick A. Rodgers](#)



1. O rostro preséntase sereno, pois xa rematou o combate. Os rasgos idealízanse, como se David non acabase de desputar unha loita.
2. Na man ten a pedra, aludindo ao instrumento co que matou a Goliat.
3. O modelado é moi suave, de maneira que non se esaxeran os contrastes de luz e sombra.
4. A composición é case estática e preséntase resolta, sen marxe para a sorpresa. David xoga coa espada coa que rematou a Goliat. A cabeza do xigante xace aos seus pés.
5. Ambas figuras represéntanse espidas ou semiespidas. Como na escultura clásica, hai moito interese na representación realista do corpo humano.

David (1624), de Bernini



1. O rostro expresa a enorme tensión física antes de descargar a pedra.
2. A escena preséntase no momento de maior dramatismo, xusto antes de que David dispare.
3. Búscase un modelado naturalista mediante a gradación de luces e sombras, que imita con precisión a musculatura.
4. O corpo retórcese debuxando unha forma helicoidal que reforza a tensión da escena. Esa mesma forma convidanos a rodear a estatua para completar todos os detalles da anatomía.
5. Ambas figuras represéntanse espidas ou semiespidas. Como na escultura clásica, hai moito interese na representación realista do corpo humano.

Actividades

1. Decide se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos:

A arte barroca recibiu un gran impulso da Igrexa católica.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A arte barroca ten a súa orixe en París.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A arquitectura do barroco prescinde por completo dos elementos arquitectónicos clásicos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Na pintura do Barroco prescindíuse a miúdo do uso do debuxo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O claroscuro é unha técnica da plástica coa que se conseguen suaves gradacións da luz.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A plástica do Barroco aposta pola contención da expresividade.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A plástica do Barroco prefire ocultar ou atenuar os sentimentos dos personaxes.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

2. Indica cal das seguintes afirmacións non é certa:

- ☐ A estética barroca deléitase co movemento e os efectos de sorpresa.
- ☐ A plástica barroca é máis realista que a renacentista.
- ☐ A arquitectura barroca transmite unha maior sensación de movemento que a renacentista.
- ☐ Unha boa maneira de transmitir a sensación de movemento na pintura e na escultura é o uso de composicións onde predominen as diagonais.
- ☐ Na pintura barroca úsase unha gama de cores moi reducida.

- ☐ A plástica barroca recrease a miúdo en temáticas desagradábeis e crueis.

3. Contrapón neste cadro as principais características do Renacemento e do Barroco escribindo nos ocos correspondentes os termos dados:

Liñas curvas ● Contención expresiva ● Uso de diagonais
 Movemento ● Equilibrio de luces ● Idealización
 Liñas rectas ● Decoración recargada
 Escasa decoración ● Composición xeométrica

RENACEMENTO	BARROCO
Serenidade	_____
_____	Naturalismo
_____	Dramatismo
_____	_____
_____	Clarescuro
_____	_____
_____	_____

4. Aplica as características do cadro anterior a estas obras completando unha táboa coma esta no teu caderno. Ten en conta que unha mesma característica pode

servir para varias obras. Despois, decide se a obra é renacentista ou barroca:

<u><i>A última cea</i></u> , de Leonardo da Vinci	<u><i>Éxtase de Santa Teresa</i></u> , de Gian Lorenzo Bernini	<u><i>O tanxedor de laúde</i></u> , de Franz Hals	<u><i>Neptuno</i></u> , de Bartolomeo Ammanati

5. A primeira imaxe é a *Adoración dos Reis Magos* de Masaccio, que xa coñeces; a segunda, co mesmo título, foi realizada uns douscentos anos despois polo pintor barroco Peter Paul Rubens. A comparanza entre ambas obras axudarache a entender as diferenzas entre o Renacemento e o Barroco.



A adoración dos Reis Magos, de Masaccio.



A adoración dos Reis Magos, de Rubens.

- Describe a actitude e a disposición dos personaxes en cada un dos cadros. Pareceche que Rubens podía coñecer as pinturas de Masaccio e a de Giotto que vimos no apartado anterior?
- Quen consegue unha maior expresividade das figuras, Masaccio ou Rubens? Por que?
- Que animais se retratan en cada unha das pinturas? En cal das dúas dirías que os animais pintados son máis fieis ao animais reais?

- d. A perspectiva está máis lograda na pintura de Rubens. Que procedementos emprega para conseguila?
- e. Dirías que o cadro de Rubens demostra que no século XVII xa se manexaban perfectamente os procedementos para representar a perspectiva?
- f. En calquera caso, os dous cadros empregan unha composición moi semellante? Que aparece no primeiro plano? Que se reserva para o fondo?
- g. Por outra parte, a disposición das figuras humanas no cadro de Rubens é moi distinta á que se ve no de Masaccio. Cal é a diferenza?

A arte renacentista fóra de Italia

Fóra de Italia, o gótico seguiu sendo o estilo máis aprezado até finais do século XV. A arte renacentista comezou a se poñer de moda a finais dese século, cando as monarquías europeas encargaron obras no novo estilo. A miúdo deberon recorrer a artistas de Italia para implantar a linguaxe artística do Renacemento.

O Renacemento español

Nas coroas de Castela e Aragón, os Reis Católicos foron os primeiros en incorporar os principios da nova arte. Foi sobre todo coa chegada dos Austrias a principios do XVI que o Renacemento se impuxo como estilo artístico. Para Carlos I e o seu fillo Filipe II traballaron artistas procedentes de Italia como Sofonisba Anguissola ou Pompeo Leoni.

Así mesmo os Austrias estiveron moi interesados na adquisición de **pinturas**, en especial da escola veneciana. Esta escola distínguese das demais do Renacemento por un maior dramatismo no uso das cores e composicións de intenso movemento, cargadas de tensión.

En **arquitectura**, a obra de referencia do Renacemento español sería o **Palacio do Escorial**. Tratouse dun encargo do rei Filipe II dirixido por Juan de Herrera. O Escorial ten unha **planta centralizada**, típica do Renacemento. O seu deseño baséase nos palacios urbanos italianos, pero as súas dimensións son moito maiores. Ademais de servir como vivenda e lugar de recepción de mandatarios estranxeiros, o Escorial edificouse tamén para albergar unha comunidade monástica.

Fíxate nos seguintes exemplos de arquitectura renacentista fóra de Italia:



Hospital dos Reis Católicos (1499-1519), de Henrique Egas.

Créditos: [H.Helmlechner](#)



Palacio de Landshut, Baviera (1537-1543), por Bernhard Zwitzel.



Palacio de verán da raíña Ana, Bohemia (1538-1560), por Paolo della Stella.



San Lorenzo do Escorial, Madrid (1563-84), de Juan de Herrera.



Hardwick Hall, Inglaterra (1590-97), por Robert Smythson.



Colexio de Nosa Señora da Antiga (1592-1619), de Andrés Ruiz.

O Renacemento galego

Na [arte renacentista galega](#) destacaron sobre todo as **arquitecturas**. O primeiro edificio en responder plenamente ás características do Renacemento foi o Hospital Real de Santiago. A mediados do século XVI completouse a fachada do Tesouro da Catedral de Santiago de Compostela. Por último, o Colexio de Nosa Señora da Antiga, en Monforte, iniciouse a finais de século.

Todas elas foron obras de artistas foráneos, como o holandés Henrique Egas (Hospital Real) ou Rodrigo Gil de Hontañón (fachada do Tesouro). En liñas xerais, a actividade artística en Galicia durante os séculos XV e XVI foi bastante reducida, pois foi unha época de certas dificultades económicas para a nobreza e a Igrexa galegas.



Sabías que...?

Durante o século XVI engalanáronse con pinturas murais numerosas igrexas galegas. Nos séculos seguintes moitas desas obras foron tapadas con cal, para asegurar a desinfección e limpeza das igrexas.

Créditos: [Satna](#)



Frescos de Santa María de Nogueira de Miño, Chantada (1560-1572).

Nos últimos anos, ao realizarmos obras de conservación e restauración nesas igrexas, descubríronse moitas pinturas. Polo xeral, descoñecemos o nome das persoas que as realizaron, aínda que resulta evidente que coñecían os modelos italianos, seguramente a través de reproducións en libros.

O Renacemento francés

A corte francesa demandou tamén artistas procedentes de Italia. En **arquitectura** destacou a construción de *chateaux*, residencias onde a monarquía e a alta nobreza gustaban de pasar o seu tempo libre.



Chateau de Chambord, Francia (1519-59), de Domenico da Cortona.

Fixe-se agora nos seguintes exemplos da plástica renacentista fóra de Itália:



O Descendimento da Cruz (1435), de Rogier van der Weyden.



Virxe con neno (1470), por Gerhaert Van Leyde.



Autorretrato (1500), de Albrecht Dürer



A resurrección (1518), por Albrecht Altdorfer.



Cupido queixándose a Venus (ca. 1530), de Lucas Cranach.



Sacrificio de Isaac (ca. 1530), por Alonso Berruguete.



A última cea (ca. 1552), de Joan de Joanes.



A cociñeira (1559), por Pieter Aertsen.



A voda campesiña (ca. 1570), de Pieter Brueghel.

O Renacemento no norte de Europa

O Renacemento do norte de Europa desenvolveu unha plástica moi particular. Continuando o estilo da pintura gótica, a pintura do norte de Europa nunca abandonou o dramatismo e as cores chamativas como sinais de identidade. Outro signo distintivo do Renacemento do norte de Europa é a tendencia a escapar do idealismo do Renacemento italiano.

Nos temas ocupouse case sempre de temas relixiosos. Con todo, a medida que avanzaba a Reforma protestante, foi centrándose en escenas de xénero. Esta temática, que triunfou sobre todo en Flandres, retrataba personaxes do campesiñado e das clases traballadoras, tanto en momentos de diversión como nas súas tarefas cotiás.

Actividades

1. Completa no teu caderno un cadro coma este con obras artísticas renacentistas dos territorios que se indican. Non esquezas acompañar a imaxe co nome da obra e a súa autoría:

	Arquitectura	Escultura	Pintura
Italia			
España			
Francia			
Países Baixos			

A arte barroca fóra de Italia

Se a arte renacentista europea dependeu moito dos modelos italianos, o Barroco desenvolveuse fóra de Italia con moita máis liberdade. Case todos os estados europeos e aínda as súas colonias contaron coas súas propias escolas locais. Estas acabarían por desenvolveren regras artísticas singulares e superaren a dependencia dos modelos italianos.

O Barroco nos países protestantes

Nos países de credo protestante a arte relixiosa limitouse á arquitectura. As igrexas protestantes tiñan moi escasa decoración. Ademais o protestantismo negábase a recoñecer a mediación dos santos e da Virxe, polo que apenas se representaron este tipo de temas nas súas artes plásticas.

Por tanto, a plástica do norte de Europa apenas cultivou a escultura. A pintura floreceu especialmente en Flandres e Holanda, grazas ao interese da burguesía local nos cadros de xénero, os bodegóns e os retratos de grupo, tres temas que apenas tocara a pintura italiana.

Os cadros de xénero representan escenas da vida cotiá, protagonizadas por personaxes populares. No bodegón represéntanse alimentos, especialmente froitas. O bodegón ten un sentido alegórico, pois fala do paso do tempo. Ambos temas trátanse cun naturalismo moi intenso.



Neste contexto destacou a neerlandesa Judith Leyster, que innovou con escenas de xénero domésticas, onde mulleres na intimidade do seu fogar vivían o día a día (na época o habitual era amosar prostitutas). Unha das súas obras máis famosas é *A Proposición*, na imaxe.

Os retratos de grupo foron típicos da pintura holandesa. Nestes cadros retrátanse xuntas persoas do mesmo gremio, como médicos, banqueiros ou militares. Estes retratos, que reflexan o poder da burguesía nos Países Baixos, pagábanse xenerosamente. Neles préstase moita atención á psicoloxía e á posición social das persoas retratadas. Por iso é frecuente que miren á cámara e que vistan cos seus mellores traxes.

En arquitectura destaca sobre todo o Barroco inglés. Trátase dun estilo clasicista, é dicir, que non se aparta tanto dos modelos clásicos como fai o Barroco italiano. Un dos

mellores exemplos deste barroco é a catedral de San Paulo de Londres. De feito, esta catedral pretendía rivalizar en grandiosidade con San Pedro do Vaticano. Fíxate nestes exemplos:

Créditos: [Harland Quarrington MoD](#)



San Paulo de Londres (1675-1710), de Christopher Wren.



Palacio Schönbrunn, Viena (ca. 1700), por Johann Bernhard Fischer von Erlach.



Fachada do Obradoiro (1738-50), por Fernando Casas Novoa.

O Barroco español

Arredor da corte dos Austrias en Madrid creouse unha importantísima escola de pintura. Durante máis de trinta anos [Diego Velázquez](#) foi o principal dos pintores da corte. A súa obra foi evolucionando desde o tenebrismo dos seus primeiros anos ata unha pintura moito máis solta e colorida, preocupada pola representación dos fenómenos atmosféricos tanto no interior como no exterior. En canto aos temas, ocupouse fundamentalmente do retrato, pero tamén de escenas mitolóxicas que trataba a miúdo como cadros de xénero.



As meninas (1655), por Diego Velázquez.

Tamén en Sevilla e nas cidades de Castela se desenvolveu un rico mercado artístico centrado na arte relixiosa. A plástica sevillana estaba especialmente pensada para estimular a devoción dos católicos. As escenas máis habituais foron as da Paixón de Cristo, representadas con gran dramatismo e teatralidade. Moitas desas figuras destinábanse aos pasos de Semana Santa.

O urbanismo non só floreceu en Roma, senón que deixou na Coroa de Castela influencias nas prazas maiores. Estas prazas albergaban os edificios relacionados co goberno, como o concello, polo que representaban o poder real na cidade. Con todo, tamén se celebraban nelas espectáculos públicos e mercados.



Praza Maior de Salamanca (1729-56), de Alberto Churriguera.

Cerradas nos seus catro lados por edificios de igual altura, as prazas maiores tiñan forma cadrada. A conexión coas rúas adxacentes realizábase a través do pórtico que rodeaba a praza. A primeira en realizarse foi a Praza Maior de Madrid, deseñada a principios do século XVII.

O Barroco galego

A [arte barroca galega](#) coñeceu tamén un gran desenvolvemento. Estivo sobre todo ligada ao arcebispo de Santiago, que a partir de mediados do século XVII se esforzou en embelecer a cidade. A obra culminante do Barroco galego foi a fachada do Obradoiro, realizada a mediados do século XVIII. Na escultura destacou Francisco de Moure, quen realizaría o retablo do Colexio de Nosa Señora da Antiga, en Monforte.

O Barroco tivo ademais unha gran presenza nas aldeas galegas. Moitas igrexas parroquiais construíronse ou reformáronse neste estilo desde finais do XVII. Sobre todo, destacaron os pazos. Tratábase [das residencias en que vivía a fidalguía](#) galega.

O Barroco francés

No último terzo do XVII, a medida que Francia se convertía no país hexemónico en Europa, o centro da arte europea desprazouse a ese país. O [Palacio de Versailles](#), onde Luís XIV acabará por trasladar a súa corte, será o gran exemplo de residencia monárquica. Tanto a arquitectura do palacio como os inmensos xardíns que o rodean están pensados para proporcionar un escenario grandioso ao monarca.

As monarquías de toda Europa empeñaríanse en construír ao longo do século XVIII as súas propias réplicas do pazo francés. Unha das primeiras será a monarquía austríaca, que edificou nas aforas de Viena o Palacio de Schönbrunn nos primeiros anos do século.

Fíxate nos seguintes exemplos de pintura barroca fóra de Italia:



Bodegón con gabián, aves, porcelana e cunchas (1611), de Clara Peeters.



O concerto (1623), por Gerrit van Honthorst.



A rolda de noite (1624), de Rembrandt van Rijn.



San Xosé carpinteiro (1642), por Georges de la Tour.



Avenida en Meerdervoort (1650), de Aelbert Cuyp.



Lectura da man de Cristo Neno (1667), por Josefa de Óbidos.



Rapaces comendo melón (ca 1650), de Bartolomé Murillo.

Observa agora estas esculturas representativas do Barroco fóra de Italia:



Filipe IV, Madrid (1634-40), de Pietro Tacca.

Créditos: [Barfly2001](#)



Retablo do Colexio de Nosa Señora da Antiga en Monforte (ca. 1635), por Francisco Moure.

Créditos: [Nicolás Pérez](#)



Magdalena Penitente (1664), de Pedro de Mena.



Monumento funerario de Francisco Marcos de Velasco (1693-97), por Pieter Scheemaecker.



O enterro de Cristo (1701), de Luisa Roldán.



O Barroco en América

O Barroco foi o primeiro estilo que se difundiu amplamente nas colonias españolas e portuguesas. Moitas das cidades precolombinas foran abandonadas a causa da conquista ao longo do século XVI, as potencias coloniais crearon novas cidades.

O Barroco americano plasmouse na construción de igrexas de enormes dimensións e decoración moi recargada, que despregan o poder do clero. Estas igrexas dispúñanse arredor de maxestuosas prazas pechadas polos palacios da nobreza, que gobernaba en nome do rei os territorios coloniais.




Praza de Armas de Cusco (Perú), coa catedral (1560-1664) á esquerda e a igrexa dos xesuítas á dereita (segunda metade do XVII).

Nas artes plásticas predominaron tamén as escenas relixiosas, especialmente as imaxes de Cristo e da Virxe María. Estas escenas cargábanse de decoración e unha gran teatralidade, pensada para estimular a devoción.

Como comentar unha obra de arte

A continuación detallamos en que debes fixarte e que hai que explicar cando se comenta una obra de arte. Farémolo a través dun exemplo, o comentario da pintura *O Levantamento da Cruz*, de Peter Paul Rubens (1610).



Actividades

1. Tal e como se afirma no tema, moitos países europeos eran protestantes. Repasemos os teus coñecementos sobre esta variedade do cristianismo:

Os protestantes eran cristiáns, pero non católicos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A Reforma protestante comezou no século XVII.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O protestantismo está dividido en varias correntes, como o luteranismo, o calvinismo e o anglicanismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A Reforma protestante prendeu sobre todos nos países do norte de Europa, como Inglaterra, Alemaña, Holanda ou Suecia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os protestantes obedecían ao Papa.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os protestantes estaban en desacordo co nivel de vida das autoridades católicas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Precisamente, unha das razóns da Reforma protestante foi que o Papa estaba a gastar demasiado diñeiro na construción da igrexa de San Pedro do Vaticano.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. Sinala cal das seguintes afirmacións non é certa:

☐ Nos países protestantes non se constrúan igrexas.

☐ O protestantismo rexeitaba a maioría dos sacramentos, agás o bautismo e a eucaristía.

☐ O protestantismo non lle daba á Virxe ou aos santos o papel de mediadores con Deus que tiñan no catolicismo.

☐ É por isto que na pintura e na escultura do norte de Europa apenas se representa á Virxe ou os santos.

☐ Nos países católicos, como reacción, representouse decote á Virxe e os santos.

3. Teresa Posada, conservadora do Museo do Prado de Madrid, comenta neste vídeo o cadro *Judit no banquete de Holofernes*, de Rembrandt van Rijn. Mírao con calma e despois decide se os seguintes enunciados sobre a pintura son verdadeiros ou falsos:

O cadro foi pintado en 1634.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Rembrandt pintou esta obra para o rei Filipe IV, por iso está no museo do Prado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O cadro representa unha escena da Biblia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Rembrandt representa a Judit como unha rica dama do século XVII.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Aínda que o cadro ten un tema relixioso, en realidade este tema represéntase como se fose unha escena de xénero.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O cadro foi retocado a finais do século XIX, pero sabemos como era orixinalmente grazas a unha copia feita por unha pintora do século XVIII.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

4. Reflexiona sobre o cadro. Cal das seguintes afirmacións dirías que non é certa?

- ☐ Durante moitos anos, pensouse que o cadro representaba un tema mitolóxico.
- ☐ No cadro de Rembrandt, Judit xa asasinou a Holofernes.
- ☐ Aínda que o cadro representa un tema relixioso, tamén pode ter unha interpretación política

- 5.** A plástica do Renacemento e do Barroco tende a concentrarse nuns poucos temas, que se resumen no cadro inferior. Escribe exemplos de esculturas ou cadros de cada unha das temáticas. Lembra incluír, cando menos, unha peza de sinatura feminina.

Renacemento	Escenas relixiosas
	Mitoloxía
	Retrato
Barroco	Escenas relixiosas
	Mitoloxía
	Retrato
	Escenas de xénero
	Bodegón
	Retrato de grupo



- 6. Traballa en parella.** Busca un vídeo ou un texto en que se comente unha obra de arte ou a carreira dun artista ou dunha artista do Renacemento ou do Barroco. Preparate para comentar na aula preguntas como as que se presentaron no exercicio anterior. Se queres, podes preparar as túas preguntas e respostas nunha aplicación para crear cuestionarios, como [Quizizz](#) ou [Socrative](#).
- 7.** Non abundan en Galicia as obras renacentistas. Porén, por forza teñen que existir no teu concello construcións barrocas, xa sexan pazos, igrexas parroquiais, mosteiros ou algunha outra edificación. Se na túa localidade hai algunha colección de arte, pode ser que teña obras desta época. Escolle unha delas e fai unha presentación. Trata, como mínimo, os seguintes aspectos:
- a. Nome da obra, autoría e data.
 - b. Persoas ou institucións que promoveron a obra.
 - c. Descrición da obra, incluíndo as súas dependencias (se fose unha obra arquitectónica) e a súa utilidade.
 - d. Principais características de estilo.
 - e. Engade imaxes da obra, mellor se fosen propias. Non sendo así, ten en conta os dereitos de autoría do material que uses.
- 8.** Completa unha táboa coma esta no teu caderno, con obras artísticas barrocas dos territorios que se indican. Non esquezas acompañar a imaxe co nome da obra e citar a súa autoría convenientemente:


	Arquitectura	Escultura	Pintura
Italia			
España			
Francia			
Inglaterra			
Países Baixos			

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** A arte da Idade Moderna fundaméntase na clásica. Que é a arte clásica? Lembras os seus trazos principais?




2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Coñeces obras ou artistas da Idade Moderna?


- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Poderías citar mulleres artistas? Pensa agora en homes artistas, por que si se che ocorren nomes de varóns?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Quen financiaba as obras artísticas? Para que servían?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Adoitamos pensar nos e nas artistas coma se fosen xenios. Cres que verdadeiramente o son? Pensas que tiñan esa consideración na Idade Moderna?



6. **Reflexiona e valora o teu traballo.** No 2017 *O Salvador do mundo*, unha peza atribuída a Leonardo da Vinci pintada contra o ano 1490, converteuse na obra de arte máis cara da historia. Pagáronse máis de 400 millóns de euros por ela. Paréceche lóxico este valor? A que se debe que as obras de arte da Idade Moderna se contén entre as máis caras nas poxas?



Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.

5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas.

6. Se o precisas, repite todos os pasos.

7. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

O Renacemento e o Barroco son estilos artísticos que nacen en Francia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Renacemento é un estilo que ocupa os séculos XVI e XVII e está ligado ás monarquías absolutas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Barroco é un estilo que naceu no século XVII e garda relación coa Contrarreforma.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Barroco difundíuse unicamente nos países católicos do sur de Europa.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Renacemento e o Barroco son estilos que se difundiron por toda

Europa.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

O Barroco difundíuse tamén polas colonias europeas de América.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Non existiron mulleres artistas nin no Renacemento nin no Barroco.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Na Idade Moderna desprezábbase a arte clásica.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

8. Sinala cales das seguintes afirmacións son certas:

- ☐ Chamamos Contrarreforma ao movemento de renovación do catolicismo iniciado por Lutero a principios do XVI.
- ☐ O Renacemento e o Barroco valoraron moito a arte medieval.
- ☐ Os e as artistas do Renacemento e do Barroco traballaban en soidade.

A plástica medieval representaba sobre todo escenas relixiosas.

☐

A plástica renacentista ignorou por completo as escenas relixiosas.

☐

A plástica barroca representou a miúdo escenas relixiosas.

9. Escolle a opción ou opcións correctas:

a. Cal é a secuencia correcta de estilos artísticos?

☐

Romano-Gótico-Renacemento-Barroco-Rococó-Neoclásico

☐

Románico-Gótico-Renacemento-Barroco-Rococó-Neoclásico

☐

Románico-Gótico-Barroco-Renacemento-Neoclásico-Rococó

b. De que época son os estilos románico e gótico?

☐

Idade Media

☐

Idade Antiga

☐

Idade Moderna

c. En que século se dan os estilos rococó e neoclásico?

☐

XVIII

☐

XVII

☐

XX

d. En que séculos se desenvolve o estilo renacentista?

☐

XIV e XV

☐

XVI e XVII

☐


XV e XVI

e. En que séculos predomina o estilo barroco?

- ☐ XV e XVI
- ☐ XVI e XVII
- ☐ XVII e XVIII

10. Reflexiona e contesta as seguintes preguntas:

- a. Que caracteriza o estilo renacentista?
- b. Que frase pensas que describe mellor o estilo barroco?
- c. Cales son os comitentes habituais de arte barroca? Pensa nas posibles diferenzas ao longo do continente europeo.



11. Velaquí unha imaxe do exterior de Santa Maria della Salute. Coloca nelas os elementos arquitectónicos que se indican.



1.

5.

2.

6.

3.

7.

4.

8.

Frontón

Fornelas con estatuas

Entaboamento

Columnas xónicas

Pórticos secundarios

Arco de medio punto

Escalinata

Cúpula

12. Fíxate agora na imaxe do interior de Santa Maria della Salute. Identifica os elementos arquitectónicos levando cada arrastrable ao lugar correspondente.



1.		4.	
2.		5.	
3.		6.	
Altar		Cúpula	
Entaboamento		Lucernario	
Tambor		Arco de medio punto	

13. Completa o comentario sobre [Santa Maria della Salute](#) coas palabras que se che ofrecen

Santa Maria della Salute (Santa María da Saúde) edificouse en Venecia () nos anos centrais do século .

Trátase por tanto dunha obra , aínda que con moitas referencias a outros edificios do Renacemento e da época .

Santa Maria della Salute, deseñada polo arquitecto Baldassare Longhena, destaca pola súa grande , que asenta nunha planta . A cúpula é visíbel desde case toda a cidade, da que constitúen un dos principais referentes.

O pórtico da igrexa olla ao Gran Canal, desde onde entrarían as principais dignidades da cidade. Esta portada elévase sobre unha , que imita á dos templos . Asemella unha arco de : o oco da porta debuxa un arco de , flanqueado por dous pares de columnas .

clásica

medio punto

clásicos

XVII

octogonal

escalinata

Italia

corintias

barroca

cúpula

principal

triunfo

14. Continúa a traballar sobre o comentario de arte do exercicio anterior:

Un e un frontón coroado por unha balaustrada rematan a portada. A cúpula, que toma como modelo a de destácase sobre o conxunto. Pola súa forma centralizada e a presenza de pórticos nos oito lados, Santa Maria della

Salute pode considerarse unha transpoción das villas de
á arquitectura relixiosa.

No interior tamén se aprecia a forma octogonal. O corpo central da igrexa,
o máis , está cuberto pola cúpula. En cada lado
dispóñense distintas , mentres que o
sitúase no lado oposto ao pórtico principal. Accédese a cada unha destas
capelas a través dun arco triunfal.

A igrexa foi construída a raíz da peste de 1630-31. Este andazo estendeuse
polo norte de Italia. Calcúlase que na República de Venecia matou á décima
parte da poboación. A igrexa constrúese como do
goberno da cidade á Virxe, que axudara a deter o andazo.

ofrenda

entaboamento

triangular

altar

Palladio

espazoso

capelas

San Pedro do Vaticano

- 15.** Completa agora o comentario sobre *Hipómenes e Atalanta* coas palabras que se che ofrecen:

Hipómenes e Atalanta é unha obra do italiano Guido Reni. Pintada entre 1620 e 1625, consérvase no Museo do Prado de Madrid, pois foi comprado para a colección do rei a mediados do XVII.

A pintura trata un tema . A ninfa Atalanta era pretendida por moitos homes. Convencida de ser invencíbel, Atalanta desafiaba a unha carreira a quen quixese casar con ela: o perdedor era condenado a morte.

Hipómenes pediu a mazás de ouro do xardín das Hespérides coa idea de tiralas ao chan durante a carreira. Cando Atalanta se anicou para recollelas, Hipómenes adiantouna e venceu a carreira.

Desde o punto de vista artístico, a obra destaca por condensar as dúas

escolas pictóricas principais do seu tempo. Por un lado, usa o

: a luz céntrase nos corpos e deixa en

as zonas periféricas do cadro. Por outro lado, a obra

baséase nun debuxo de gran perfección, como se comproba no contorno dos corpos.

sombra

Afroditia

clarescuro

mitolóxico

Filipe IV

16. Continúa a traballar sobre o comentario de arte do exercicio anterior:

Trátase, por tanto, dunha obra , tal e como se comproba nas contrapostas que crean as , en especial as pernas, de Hipómenes e Atalanta. Esta diagonal acentúa a sensación de velocidade e que pretende transmitir a pintura.

Como corresponde a unha obra mitolóxica, os corpos transmiten unha beleza . Ao fondo, tratados cunha pincelada moi solta, adivíñase unha boscosa e os grupos de espectadores que contemplan a carreira.

Adquirida en orixe por un nobre italiano, a pintura ilustra o gusto da europea polas escenas de mitoloxía. Estas escenas eran a escusa perfecta para tratar o espido. Na representación dos corpos era moi frecuente que os artistas se inspirasen na clásica.

figuras

paisaxe

diagonais

barroca

escultura

ideal

aristocracia

corpo humano

dinamismo

Reforza

17. A pintura e a escultura do Renacemento e do Barroco céntranse en temas moi concretos. Relaciona cada tema coa súa definición:

Representación de temas relacionados co cristianismo, como os que teñen que ver coa vida de Xesucristo.

Representación de escenas da natureza.

Representación dos mitos gregos e romanos, como as que teñen que ver cos deuses olímpicos.

Representación de escenas da vida cotiá, como aquelas en que aparecen menos e nenas, festas, escenas de traballo...

Representación de obxectos inanimados, como alimentos.

Representación dunha persoa concreta, con especial atención aos rasgos corporais, sobre todo aos da cara.

Representación dun grupo de persoas relacionadas entre si por lazos laborais, familiares etc.

Mitoloxía

Retrato de grupo

Bodegón

Escenas relixiosas

Retrato

Paisaxe

Escena de xénero




- 18.

	Renacemento	Barroco
Escenas relixiosas	☐	☐
Paisaxe	☐	☐
Mitoloxía	☐	☐
Escenas de xénero	☐	☐
Bodegón	☐	☐
Retrato	☐	☐
Retrato de grupo	☐	☐

- 19.

Miguel Anxo, Lavinia Fontana, Filippo Brunelleschi, Clara Peeters, Donato Bramante, Artemisia Gentileschi, Fernando Casas, Sofonisba Anguissola

20. Relaciona cada elemento arquitectónico coa súa fotografía.



21. Selecciona a opción ou opcións verdadeiras en cada caso.

a. Cales destas características son propias da arquitectura renacentista?

- ☐ O uso de elementos arquitectónicos da arquitectura clásica, como as cúpulas.

- ☐ O uso dunha decoración recargada.
- ☐ A construción de edificios de tamaño colosal.
- b. Cales destas cualidades resumen mellor a pintura renacentista?
 - ☐ O movemento, o naturalismo e o uso de luces contrastadas.
 - ☐ As composicións serenas, equilibradas e xeométricas.
 - ☐ O predominio da pintura abstracta.
 - ☐ A preocupación pola representación do corpo humano.

22. Selecciona a opción ou opcións verdadeiras en cada caso.

- a. Cales destas características son propias da arquitectura renacentista?
 - ☐ O movemento, o naturalismo e o uso de luces contrastadas.
 - ☐ O predominio de xéneros como o retrato, a mitoloxía e a relixión.
 - ☐ O predominio da madeira sobre os demais materiais.
- b. Cales destas cualidades resumen mellor a arquitectura barroca?
 - ☐ A renuncia ao uso de elementos típicos da arquitectura clásica.
 - ☐ O uso dunha decoración recargada.
 - ☐ A preocupación polo urbanismo, coa edificación de fontes, xardíns e grandes avenidas.

23. Selecciona a opción ou opcións verdadeiras en cada caso.

- a. Cales destas características son propias da pintura barroca?
 - ☐ O movemento, o naturalismo e o uso de luces contrastadas.

☐ As composicións serenas, equilibradas e xeométricas.

☐ O predominio da pintura abstracta.

☐ A preocupación pola representación do corpo humano.

b. Cales destas características son propias da escultura barroca?

☐ Adícase unicamente a temas relixiosos.

☐ A torsión dos corpos, que crea efectos de movemento e dramatismo.

☐ O predominio da madeira sobre os demais materiais.

Amplía

24. Selecciona unha obra renacentista e outra barroca. Céntrate en explicar por que escolleches a obra e que emocións che produce. Segue no teu desenvolvemento as seguintes pautas e consulta este exemplo^[1]:

a. Nome da obra, autoría e data.

b. Breve descrición.

c. Engade algunha imaxe.

d. Explica por que escolleches a obra. Se cadra a obra ten un valor especial para ti porque está na cidade ou prefires centrarte na súa importancia para a historia da arte ou gústache por motivos persoais.

e. Relata que emocións che causa a obra. Estas emocións poden ser de tipo estético (sobre as cores, as formas, a disposición dos elementos artísticos...) ou poden ter que ver coa historia que se narra nela.

- Algúns exercicios do apartado 'Avalíate' ofrécenche exemplos de como se
- 25.** comenta unha obra de arte. Selecciona unha peza renacentista e outra barroca e realiza o teu propio comentario. Pode ser calquera das obras que se enumeraron até aquí ou unha da túa elección. Elabora un comentario detallado de acordo ás seguintes pautas.
- 26. Traballo en grupo.** *Os tableaux vivants* (cadros vivos) son recreacións de cadros ou esculturas con actores e actrices. Préstache faceres unha recreación coa túa clase escollendo unha obra de arte moderna?
- 27.** Verás a seguir dous textos escritos no século XVII sobre pintores do Barroco. Leos e contesta ás preguntas:

Texto de Francisco Pacheco

Francisco Pacheco foi un pintor sevillano, mestre e sogro de Velázquez. Escribiu varias obras literarias sobre pintura, entre elas *Arte da pintura*. Nesta obra describe así a maneira en que Velázquez foi reclamado pola corte do rei Filipe IV:

O ano 1623 chamárono a Madrid por orde do Conde Duque de Olivares; quedou na súa casa, onde foi regalado e servido, e fixo o seu retrato. Levouno ao pazo real aquela noite un fillo do conde de Peñaranda, camareiro de Fernando de Austria, irmán do rei, a unha hora en que o viron todos os do pazo (...).

Ordenouse que retratase ao infante, pero pareceu máis conveniente facer o da Súa Maxestade primeiro, aínda que non puido ser tan axiña polas súas grandes ocupacións. En efecto fíxose o 30 de agosto a gusto da Súa Maxestade, e dos infantes e do Conde Duque, que afirmou que nunca se retratara tan ben ao rei, e o mesmo dixeron todos os señores que viron o retrato. Fixo, de paso, un bosquexo do Príncipe de Gales, que lle deu cen escudos.

Texto de Guillet de Saint-George


Así mesmo, en *Memorias sobre a vida e as obras dos membros da Academia Real de París*, escritas a finais do século XVII, Guillet de Saint-George falaba así da relación entre Luís XIV e Henri de Beaubrun, un dos seus pintores de corte:

A Súa Maxestade (...) vendo que tiña unha gran disposición para o debuxo, quixo que se formase e que, aprendendo a pintar, aprendese tamén o que é esencial á pintura, como a perspectiva, a arquitectura e algúns principios de xeometría. Así que despois da morte do seu pai, foi nomeado mozo do gardarroupa do rei, e continuou con tanto proveito os seus estudos que, a pesar das distraccións do seu cargo, o rei fíxolle a honra de nomealo o seu profesor de pintura ao pastel.

- a. Con que nome se coñece o cargo que designa o pintor que está ao servizo do rei ou raíña?
- b. Que se deduce dos textos da relación entre estes pintores e a monarquía correspondente?
- c. Que beneficios podía ter para un artista ou unha artista tal

relación? Podería ter desvantaxes?

- d. E para un membro da realeza ou da nobreza, que significaba ter artistas ao seu servizo?
- e. Ademais de traballaren realizando obras de arte, estes artistas desenvolvían outros traballos para a monarquía. Peter Paul Rubens ou o propio Velázquez son exemplos de artistas que desenvolveron diversos traballos na corte real. Fai unha relación destas actividades alleas á arte.



↑[1]

A tripla escaleira de San Domingos de Bonaval

A [tripla escaleira](#) helicoidal de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, é unha obra barroca, edificada arredor do ano 1700. A escaleira construíuse no marco das obras que se realizaron para reformar o convento nos últimos anos do século XVII e nos primeiros anos do XVIII. É obra do arquitecto Domingo de Andrade, nacido en Cee en 1639.

A escaleira ten forma helicoidal. En realidade, trátase de tres tramos de escaleira. Dous deses tramos conducen a distintas dependencias do mosteiro, como as celas dos monxes. Só un dos tramos chega até o piso superior, coroado por un lucernario de onde procede case toda a luz que enche o espazo.

Escollín esta obra de arte pola súa forma envolvente. Nesta escaleira resúmese todo o movemento e o espírito de sorpresa ao que aspira ao barroco. A súa forma é mareante e, ao tempo, é irresistíbel o desexo de subir por ela, tratando de escoller o tramo de escaleira que nos leve até o lucernario.

Cando Andrade concibiu a escaleira, seguramente pensou nela como unha metáfora do ascenso da alma até Deus. Sen necesidade de compartir esas crenzas, pode tomarse a escaleira como unha metáfora da superación e o crecemento persoal.

Glosario

Arco de triunfo

Na arte clásica, arco que se construía para celebrar os xenerais vitoriosos, frecuentemente acompañado de relevos.

Arte clásica

A arte da Grecia e a Roma clásicas.

Arte mimética

Tamén chamada arte imitativa, é aquela que ten como obxecto a reprodución fiel da realidade.

Arte occidental

Arte dos territorios que forman parte da cultura occidental. Polo xeral, enténdese neste concepto a arte clásica, a arte medieval cristiá, a arte do Renacemento e do Barroco e os distintos estilos artísticos que nacen en Europa occidental na Idade Contemporánea.

Baptisterio

Edificio destinado exclusivamente á celebración do bautismo cristián. Na Italia medieval era habitual que os baptisterios fosen unha construción á parte, que se colocaba a carón da igrexa á que pertencía.

Bóveda de canón

Bóveda que resulta da prolongación dun arco de medio punto ao longo dun eixo lonxitudinal.

Casetón

Ocos xeométricos (polo xeral en forma de cadrado) que se dispoñen en forma regular como adorno dun teito, debuxando algo semellante a un taboleiro de xadrez.

Comitente

Persoa que encarga a realización dunha obra de arte.

Congregación

Congregación

Certo tipo de asociación de relixiosos ou relixiosas con regulamento propio.

Contrapicado

Procedemento cinematográfico que consiste en colocar a cámara a un nivel máis baixo ca o obxecto filmado, dirixíndoa cara a arriba.

Cruceiro

Zona da igrexa en que se cruzan o brazo lonxitudinal e o brazo transversal. No Renacemento e no Barroco adoita cubrirse cunha cúpula.

Cruz grega

Aquela que ten ambos brazos de igual tamaño.

Cruz latina

Aquela que ten ambos brazos de desigual tamaño.

Cúpula

Elemento de cubrición dun edificio de forma semiesférica.

Doutrina cristiá

Conxunto de crenzas e preceptos da relixión cristiá, como por exemplo a resurrección de Xesucristo ou a virxinidade de María.

Fresco

Pintura que se realiza sobre un muro.

Friso

Parte máis ancha do entaboamento, situada entre o arquitrabe e a cornixa, que pode ir decorada con relevos.

Frontón

Superficie triangular que se sitúa debaixo da cornixa, que pode ir decorada con relevos.

Idealismo

Na plástica, arte que imita a realidade, pero prescindindo dos seus elementos máis desagradábeis ou vulgares.

Laico, laica

Persoa ou obxecto que non pertence ao clero ou á organización da Igrexa católica.

Mecenas

Aínda que a palabra se pode empregar co mesmo significado que comitente, na Idade Moderna designaba especificamente a persoa que, mediante o pago dun salario, puña artistas ao seu servizo, encargándolles obras artísticas concretas.

Monumentalidade

Na arte, este termo pode ter dúas acepcións. En escultura e pintura refírese á capacidade para modelar obxectos que ocupan de maneira realista o espazo. Tamén se pode referir a unha obra de gran tamaño.

Nave central

Aquela que ocupa o centro do templo desde a porta de ingreso até o cruceiro ou o presbiterio, xeralmente máis espazosa que as laterais.

Picado

Toma que se realiza coa cámara inclinada de arriba cara a abaixo.

Quadratura

Técnica pictórica que pretende crear a ilusión dun espazo tridimensional sobre unha superficie plana.

Relevo

Escultura integrada nunha superficie, como un muro ou un moble.

Simetría

Distribución regular das partes dunha cousa ou de obxectos semellantes a unha e á outra banda dun eixe, arredor dun centro etc.

Trompa

Elemento de forma semicónica, coa parte máis ancha cara arriba, que permite elevar unha cúpula ou unha torre desde unha base cadrada ou octogonal.

Ligazóns

América precolombina 1: Olmecas, zapotecas e Teotihuacán (documental historia México prehispánico)

<https://safeshare.tv/x/NEoCzeUMLho>

América precolombina 2: A civilización maia, os maias e o calendario maia (documental historia)

<https://safeshare.tv/x/dSRHnIB278I>

América precolombina 3: Toltecas, tarascos e os aztecas ou mexicas (documental historia México)

https://safeshare.tv/x/6k_-f3gCSw0

Astrolabio do século XVI ou XVII

<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=32870>

Copia dixitalizada dun libro de Xeografía no século XV

<https://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k52802c/f1.item>

Documento das capitulacións

<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/5401002?nm>

James Cook

https://gl.wikipedia.org/wiki/James_Cook

Cartas náuticas

[https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?](https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=68283)

[id=68283](https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=68283)

Pobo uro

<https://www.ngenespanol.com/traveler/los-uros-el-pueblo-flotante-del-lago-titicaca/>

Uros na actualidade

<https://safeshare.tv/x/hGyJE79EBeM>

Parodia da chegada de Colón a América

<https://safeshare.tv/x/mLruk4HC0SU>

Querela das mulleres

https://gl.wikipedia.org/wiki/Querela_das_mulleres

Jonh Wycliffe

https://gl.wikipedia.org/wiki/John_Wycliffe

Martiño Lutero

https://gl.wikipedia.org/wiki/Marti%C3%B1o_Lutero

Xoán Calvino

https://gl.wikipedia.org/wiki/Jean_Calvin

Provincias Unidas

https://gl.wikipedia.org/wiki/Provincias_Unidas

Compañía de Xesús

https://gl.wikipedia.org/wiki/Compa%C3%B1%C3%ADa_de_Xes%C3%BAs

Noticias do Mundo Sefaradí

<https://esefarad.com/?p=70314>

Biblia Kennicott

https://gl.wikipedia.org/wiki/Biblia_Kennicott#Historia

Biblioteca Bodleian

<https://digital.bodleian.ox.ac.uk/objects/8c264b23-f6cc-4f18-98cf-9d75f7175b54/>

Xoana a Beltranexa

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xoana_a_Beltranexa

Xoana a Tola

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xoana_I_de_Castela#Ra%C3%AD%C3%B1a_da_Coróa_de_Castela

Peticións dos Comuneiros de Castela na Xunta de Ávila

<https://humanitatescluny.files.wordpress.com/2020/02/textos-2c2ba-evaluac3b3n.pdf>

Sofonisba Anguissola

https://gl.wikipedia.org/wiki/Sofonisba_Anguissola

Antonio Pérez

https://gl.wikipedia.org/wiki/Antonio_P%C3%A9rez_del_Hierro

Sir Francis Drake

https://gl.wikipedia.org/wiki/Francis_Drake

María Pita

https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADDa_Pita

Museo do Prado

<https://www.museodelprado.es/>

National Gallery

<https://www.nationalgallery.org.uk/>

Rijks Museum

<https://www.rijksmuseum.nl/en/rijksstudio?ii=0&p=0&from=2021-08-26T08%3A34%3A58.3710547Z>

Galería Uffizi

<https://www.uffizi.it/gli-uffizi/opere>

Vídeo ás orixes do foro e o papel

<https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-2-fillos-da-terra?t=32>

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1